



PRIMEIRA ARTE CRISTIÃ E ARTE BIZANTINA



Decadencia e desintegración do Mundo Romano

Durante o Baixo Imperio (S. III-V) unha crise múltiple empuxa cara a ruralización da vida e a diferenciación entre Oriente e Occidente, marcando o tránsito á Idade Media.



Arte Paleocristiá



Na zona occidental derivará na arte Prerrománica

Arte Bizantina na zona oriental

- Constantino: Edicto de Milán, ano 313, o **cristianismo** é legal.
- Fundación da cidade de Constantinopla –a Nova Roma- por Constantino o Grande, 330.
- No ano 391, con Teodosio, o cristianismo convértese na relixión oficial do Imperio, prohibíndose os cultos pagáns **“a súa difusión social e estreita vinculación ó poder ha impoñer na arte un cambio iconográfico e nas solucións plásticas”**
- No ano 395 d.C., á morte de Teodosio, dividiuse o Imperio entre os seus fillos Arcadio (Oriente) con capital en Constantinopla e Honorio (Occidente) con capital en Roma.
- 476: Desaparición do Imperio romano de Occidente, ao ser vencido o último emperador, Rómulo Augusto, polo bárbaro Odoacro.

Prodúcese o desprazamento da política romana cara Constantinopla, e o Imperio Romano de Oriente se constitúe en herdeiro da cultura antiga;

Sobre o soar do antigo imperio romano xorden DOUS MUNDOS e dúas ideoloxías e formas de vida distintas: o mundo BIZANTINO e o OCCIDENTAL.



ARQUITECTURA PALEOCRISTIÁ EN OCCIDENTE

Se coñece como “arte paleocristiá” a arte dos primeiros cristiáns. A súa extensión remata co Imperio Occidental no século V, aínda que se podería alongar incluso ata o s.VII, fusionándose coa arte dos pobos xermánicos en Occidente e Bizancio en Oriente.

A “Basílica”

Coa liberdade relixiosa e a posterior oficialidade do cristianismo, faise necesario buscar na tipoloxía romana un edificio que sirva de modelo para o templo cristiá. A basílica pasa a ser o prototipo ideal e se adaptará ás necesidades da liturxia.

A súa amplitude e o seu **sentido lonxitudinal**, que han ter un claro **simbolismo** dentro da doutrina cristiá, explican a súa adaptación ó culto da nova relixión



Santa Sabina pode servir de exemplo destes primeiros templos cristiáns
Construída no s. V é a única que se conserva bastante fiel ao estilo orixinal

Inspiración en basílicas romanas
(edificios CON funcións xudiciais e comerciais)

Equilibrio, proporción,
ritmo, simetría, etc.

Debaixo do altar
solía haber cripta
con restos de mártires


Tres ventás
(símbolo da
Trindade)

Eixe lonxitudinal
crea espazo-camiño

Cuberta alintelada con
casetons (a diferenza
das basílicas romanas que
preferían a bóveda de canón)

Aproveitan a maior
altura da nave central
para abrir vans

Tres naves separadas por
arquerías de medio
punto peraltadas sostidas
por 24 columnas corintias



Banco semicircular
corrido adosado ao
muro para o clero

Cátedra do bispo

Altar

presbiterio

Evolución del Imperio Bizantino



O reinado do emperador **Xustiniano** (527-565) supuxo para o Imperio Bizantino o seu momento de maior expansión territorial e esplendor cultural :
IDADE DE OURO

- Aumentan as tensións relixiosas con Roma ata que en 1054 se produce o Cisma da Igrexa Oriental.
- Desde mediados do s. XI ata a caída de Constantinopla (1453), o Imperio Bizantino recorrerá unha etapa de progresiva decadencia: *perdas territorias (normandos, venecianos, cruzados e turcos), feudalización, perda de autoridade do poder central, etc...*

A secuencia da arte bizantina é moi ampla. O seu inicio e cronoloxía varían cos autores, según entendamos que cadra coa fundación de Constantinopla, coa división do Imperio por Teodosio, co **momento de maior esplendor no século VI** ou, finalmente, coa verdadeira ruptura coa antigüedad clásica que para outros autores significa a crise iconoclasta do século VIII. Pola contra, o seu final parece que cadra para todos coa caída da cidade de Constantinopla en mans dos turcos en 1453. En tan longo espazo de tempo sucédense as dinastías e varían as manifestacións artísticas, destacando en primeiro termo as obras que coinciden co reinado de Xustiniano. Pero despois sucédense outras épocas, ó tempo que se estende a arte bizantina por máis ámbitos.

Mil anos de Historia

Cando no s.V os pobos bárbaros invadiron o Imperio occidental instalándose nel, o Imperio de Oriente conseguiu manterse. O emperador Xustiniano pretendeu recuperar os territorios arrebatados en Occidente polos bárbaros -mesmo conseguiu facerse con territorios na península itálica e ibérica- pero pronto Bizancio abandonará esa idea e se centrará no seu territorio. Esa evolución independente conseguirá manterse como tal ata o s.XV . Sen perder as tradicións romano-cristiás, vai recuperar as helenas e introducir moitos costumes orientais.

Claves da súa supervivencia :

- **Puxante economía** comercial, eixe entre os mercados asiáticos e europeos.
- Herdeiro de Roma en canto á estrutura estatal (Dereito e Administración), relixión (cristianismo), pero impregnado da tradición cultural grega (idioma).
- Unha **Igrexa** que, coa fe ortodoxa, unificou a diversidade dos pobos baixo o seu dominio.
- Unha **forma de goberno**, o “**cesaro-papismo**”, onde o emperador ten o poder pola graza de Deus, é o seu representante na terra, e estará na cúspide da Administración, do Exército e da Igrexa rodeado dun cerimonial de corte ríxido e fastoso.



1453: Constantinopla cae en poder dos turcos. Desaparición do Imperio romano de Oriente

Bizancio, Constantinopla, Estambul


A ARTE BIZANTINA

A arte bizantina é técnicairamente herdeira das tradicións romanas, pero vese inmersa nunha nova espiritualidade derivada do predomínio cristián, que orienta a creación artística cara a unha *NOVA LINGUAXE*.

Novo simbolismo dos edificios bizantinos: cando Teodosio dividiu o imperio non só dividiu un territorio, senón tamén dous xeitos diferentes de entender a vida e a relixión. Según a nova concepción do cristianismo “a vida transcorre baixo a presenza constante de Deus, simbolizado polas grandes e douradas cúpulas”. Créanse espazos suntuosos para desenvolver a liturxia, exaltando a grandeza do emperador, e ilustrando mediante imaxes o **mundo transcendente**, “o invisible faise patente por medio de **símbolos**”. Ademais o templo cristián vaise adaptar en Bizancio para atender ás necesidades dunha sociedade refinada na que o poder do emperador goza de autoridade relixiosa e acude como tal aos ritos litúrxicos. Os edificios relixiosos servían como lugares de recepción.

A influencia do emperador na igrexa e o complexo cerimonial contribúe tamén a cambiar as formas representativas: perden naturalismo e fanse hieráticas e estereotipadas. Arte sometido a regras, que tende á uniformidade e aos convencionalismos.

A arte bizantina está ao servizo do Estado e da Igrexa (*estreita unión entre relixión e poder político*). Arte áulica. Serviu tamén para potenciar o Imperio, e incluso se desenvolveu fóra dos seus límites en territorios independentes que asimilaron as súas influencias (San Vital de Rávena, San Marcos de Venecia, San Basilio de Moscova).



basílica paleocristiá

Manteñen **Iguais**:

Matroneo

Nártice, Atrio

Ábsida

basílica bizantina

Diferentes :

Cubertas Abovedadas e

Cúpulas

Planta centralizada

ARTE BIZANTINA SANTA SOFÍA

Clasificación:

Nome: Santa Sofía de Constantinopla .

Igrexa da "divina sabedoría".

Autores: Antemio de Tralles e Isidoro de Mileto

Comitente: emperador Xustiniano (527-65)

Estilo: arquitectura bizantina, da Primeira Idade de Ouro

Cronoloxía: Século VI (532-537, construída en 5 anos)

Materiais: ladrillo, tella,

mármore

Dimensións: (longo) 77 m. (ancho) 71 m. Altura: 55,60 m. Diámetro da cúpula: 33 m.



Contido

Adicada á “Sabedoría Divina”, non é a primeira senón **a terceira que se constrúe**, ao desaparecer as anteriores por incendios e insurreccións internas. É entón cando o Emperador manda erixir unha nova, a actual, coa que reflectir o poder e a riqueza da corte imperial, que se consagra no ano 537. Na súa obra non se regatearon esforzos cos que amosar toda a magnificencia cortesá, factor que había contribuír ao seu esplendor, posto que nela conflúen diferentes funcións: é o centro espiritual do imperio, a catedral dos patriarcas e o escenario de actos estatais. Conservouse intacta pouco tempo, novos terremotos provocaron outro afundimento da cúpula, logo reconstruída.



Dous gregos de Asia Menor –expertos en matemáticas, ademáis de entender de construcións– foron os artífices deste edificio: **Antemio de Tralles** como autor do plano, e **Isidoro de Mileto** como enxeñeiro. Ambos estaban especializados en construcións militares, o seu chamamento por parte de Xustiniano é indicativo da importancia que daba á construción: manifestar o seu poder a través dunha grandiosa edificación. Aos dous nomes anteriores hai que engadir a **Isidoro o Novo**, sobriño de Isidoro de Mileto, porque é en realidade o que confecciona a definitiva cúpula no ano 568, ao se derrubar a primeira por mor de dous terremotos da década dos 50.



A imaxe do templo adquiriu o seu caótico aspecto actual durante a época otomana, cando se produciron as maiores alteracións: a basílica foi convertida en mezquita e a flanquearon de minaretes e de edificios anexos.



Resulta sorprendente o modo en que se combinaron a tradición occidental de planta basilical de tres naves, coa tradición oriental de planta centralizada, de xeito que a análise do edificio pon de manifesto a continua dualidade da concepción espacial.



A **planta** é rectangular, precedida dun atrio porticado e un nártice. Ao ser case cuadrangular con tres naves dispostas en dirección leste-oeste, os autores tiveron a habilidade de configurar unha cruz grega inscrita no cadrado. Para subliñar o eixe lonxitudinal, o que leva cara á ábsida -semicircular no interior e poligonal no exterior-, a nave central ten un desenvolvemento horizontal e vertical moito maior, e separase das naves laterais por medio de columnas e muros-cortina. A ubicación da **cúpula ocupando en planta un gran cadrado, centraliza o espazo.**

Son aquelas dúas primeiras exedras, ademais do nártice na entrada e a ábsida semicircular na cabeceira, as que remarkan o sentido lonxitudinal, malia a centralización é imposta pola cúpula, dadas as súas dimensións e a luz que entra desde as fiestras da súa base



alzado



A cúpula, un fito na historia da arquitectura, determina tódalas partes do edificio, pois todo parece estar disposto para resaltala. Simbolicamente representa o cosmos gobernado por Cristo. A suxeición e **contrarresto da cúpula planteou un problema** que o Panteón non tivo, pois en Roma todo o seu peso caía sobre un tambor circular. Agora non hai tambor e o espazo a cubrir é cadrado

A solución fará evolucionar a técnica constructiva romana ideando uns elementos de transición, chamados **PENDENTES**, que comezan por apoiar a cúpula sobre catro grosos piares (liberando así aos muros da función de soporte).


O recurso de utilizar **cobertas abovedadas a distintas alturas** permite articular un sistema de contrapeso gradual das presións que remata nos muros exteriores, sendo estes reforzados por contrafortes. Estamos diante dun sistema totalmente orixinal e novidoso polo que o peso da magnífica cuberta repártese nun **proceso de soportes e contrarrestos encadeados**.

Non se poden esquecer os soportes estáticos, é dicir os **grosos piares** que transmiten o peso da cúpula por medio de arcos transversais cara a outros tantos **contrafortes exteriores**, tamén de considerables dimensións e tremenda aparencia.






Santa Sofía.
Maqueta



Entre os 4 enormes piares se tenderon catro arcos torais con pendentes, sobre as que se alzou a cúpula, reforzada no exterior mediante 40 nervaduras que enmarcan 40 ventás. O contrapeso gradual das presións (semicúpulas, contrapiadres...) remata nos muros exteriores, sendo éstos reforzados con contrafortes. Os piares dos lados norte e sur sobresaen por encima dos tellados.



No **interior** o efecto que produce este deseño sen precedentes adquire toda a súa razón de ser na **concepción espacial**, que resulta única e inigualable. A **cúpula**, se ben non é tan grande coma do Panteón, o seu **efectismo** é moito máis espectacular, xa que o mencionado sistema de soportes e a **luminosidade** que irradia favorece a ilusión visual de que está “suspendida no aire”.

A **cúpula**, de dimensións enormes (31 m. de diámetro que se eleva a 54 m), artículase como unha cuncha gallonada de corenta nervios e corenta plementos curvos, que apoian en catro pendentes.

Está construída con ladrillos e grosos leitos de morteiro para conseguir maior lixeireza. Carece de tambor, grazas precisamente ao seu peculiar sistema de soportes.

Este sistema tamén permite a apertura de numerosas fiestras na base da cúpula ao quedar libre de pesos, o que inflúe decisivamente no efecto lumínico de xeito que provoca o efecto de cúpula colgante.

Certamente, o interior de Santa Sofía sorprende pola **luminosidade**, procedente das xanelas da cúpula central, das exedras maiores e menores e dos muros laterais, moitas das cales eran orixinariamente de cores

Sobre 4 anchas arcadas de piares flota a cúpula inmersa nunha luz sobrenatural grazas ás 40 ventás que se abren no seu arranque.



Así mesmo compre salientar a sensación de amplitude “NOVA VALORACIÓN ESPACIAL”



Trala conquista polos turcos cubrironse os mosaicos figurativos con pintura amarela (aínda que daquela xa os mosaicos orixinais se perderan por mor da época de iconoclastia que sufrira Bizancio), e se colgaron os 4 enormes escudos con versículos do Corán.

Muros e paredes sen función de soporte

MATERIAIS
PRECIOSOS E
POLICROMÍA
RESPLANDECENTE

“ARQUITECTURA DE INTERIORES” Os piares, moi voluminosos, quedan disimulados polo seu revestimento de mármore. A cúpula ía recuberta de mosaico **dourado -identificación da Divinidade e do Poder-** e unha gran cruz sendo analoxía do ceo. Todo este sistema era utilizado para disimular a súa estrutura, creando con elo **clima irreal** onde os límites do espazo arquitectónico resultaban difusos.



ARQUITECTURA EN MOVIMENTO

“harmoniosas sucesións espaciais”

“Dinamicidade” que supón a alternancia de elementos esféricos e rectos, ou a constante combinación de espazos entrantes e saíntes, que dilatan o espazo e o axilizan nunha continua sensación centrífuga e flexible



Os recursos e solucións técnicas seguen tendo como referencia o legado clásico, pero *a intencionalidade e significación* é diferente. A **CONCEPCIÓN ESPACIAL** suxire constantemente a **PRESENCIA DIVINA** conseguida a través de recursos lumínicos, novas formulacións estruturais, e elementos ornamentais.



As **naves laterais** están separadas da central por arcos de medio punto asentados directamente sobre columnas e piares de capiteis “*variación da orde corintia*” de follas planas e traballadas con trépano buscando o claroscuro e con **CIMACIOS** encima, para realzar e sobreelevar o apoio dos arcos. Cóbrense con bóvedas de aresta e sobre elas discorre o *matroneo ou tribuna*, que repite o mesmo ritmo de soportes e arquerías que o piso inferior.



En canto á **ornamentación**, empregáronse mármore polícromos nos piares principais que lograban mitigar a percepción visual do seu grosor; mármore de cores, pórfiro (vermello) ou basalto (negro), nas columnas que separaban as naves. A esta profusión de cores se unen o ouro, a prata e o mosaico.



Os riquísimos materiais empregados, de viva policromía, tamén están ó servizo do misterio. Todo no interior foi revestido de Riqueza.



Gran dominio do cromatismo que choca co ríxido tratamento dos corpos, caras e panos (falta de destreza debida, en parte, as loitas iconoclastas que sacudiron ó imperio bizantino)

Os mosaicos

Especial relevancia enriquecedora no fenómeno desmaterializador tiñan os mosaicos, colocados precisamente alí onde se dispoñían luces, de modo que se conseguían unhas reverberacións lumínicas dun brillo prodixioso. Ábsidas e cúpulas cubríanse de mosaicos nos que as teselas de vidro se alternaban com pedras semipreciosas. Era, sen dúbida o marco idóneo para a manifestación de Deus e do seu lugartenente na terra, o Emperador.

A maioría perdéronse, hoxe só conserva algúns diseminados pola edificación, por exemplo os serafíns das pendentes, pero contaba cun Pantocrátor na cúpula e unha Virxe co neno na ábsida.

A **sinxeleza exterior** contrasta coa riqueza interna, só destaca o xogo de volumes graduados, esa estrutura que se precipita a modo de fervenza desde a cúpula principal ás exedras maiores, ás exedras menores e finalmente ás capeliñas do nivel inferior, constituíndo unha auténtica sinfonía de formas construtivas. Ao descender as alturas, o conxunto non resulta abrumador, nin sequera a cúpula aparenta a importancia que ten pois está disimulada por un tambor cilíndrico de 40 fiestras que oculta gran parte do seu casquete esférico.



Grosos muros e contrafortes exteriores contrarrestan as presións tanxenciais das bóvedas, de forma que a sensación exterior é de pesadeza e macicez, oposta á sensación interior, etérea e de lixeireza


Relación co entorno:

Non se concibe como unha basílica para o pobo senón como a gran basílica do Emperador Xustiniano, basílica palatina, construída xunto ao seu Palacio e conectada por pórticos columnados.



En conclusión, exemplifica todos os principios que caracterizan á arquitectura bizantina: *igreja de corte, planta centralizada, abovedamento en niveis, espazos dinámicos, exteriores sinxelos e riqueza interior*. Serviu de modelo a posteriores construcións, se ben ningunha acadou as súas dimensións.

Constitúe o cumio da **arte bizantina**, e tamén unha das máis importantes da Historia da arte. **Síntese da tradición grecorromana e oriental** que legou á posteridade o sistema de cúpula sobre pendentes.



Una nueva estética, el fin del clasicismo. Un arte cristiano

Arte clásico

- Antropocentrismo
- Búsqueda de la belleza formal
- Imitación de la naturaleza
- Sometimiento a unos principios racionales, matemáticos, de proporción y armonía

La crisis económica y social provoca una parálisis artística y una pérdida de las técnicas del clasicismo



Necesidad de convertir a amplias masas de población, sobre todo en zonas rurales y analfabetas lo que obliga a un arte claro (sencillez iconográfica).



Surgimiento en zonas orientales, de menor influencia clásica, y un mayor gusto por el simbolismo y el esquematismo

Arte cristiano

- Teocentrismo
- Búsqueda del símbolo y el mensaje religioso. Arte intelectual y simbólico
- Desnaturalización de la realidad. Reflejar un mundo espiritual antes que una realidad física. Idealización y abstracción